

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:  
2024/G007/000005**

**D.<sup>a</sup> Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Excm. Sra. alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Vista a relación de expedientes concluídos asinada polo secretario xeral do Pleno en data 29 de xaneiro de 2024 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **xoves**, día **1 de febreiro de 2024**, ás **13,00 HORAS**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/15 ORZAMENTO XERAL 2024. RESOLUCIÓNS DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

2/16 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO.

3/17 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na perentoriedade da resolución dos asuntos que figuran na orde do día.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.